

CONCURSO “DEBUXA IGUALDADE”

CON MOTIVO DO 8 DE MARZO DE 2025, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

O Concello de Ribadavia con motivo da conmemoración do 8 de marzo Día Internacional da Muller, co obxectivo de previr todo tipo de desigualdades, de sensibilizar e concienciar á cidadanía cara un cambio no modelo de relacións sociais entre mulleres e homes, organiza e convoca o *Concurso de Debuxo Infantil “DEBUXA IGUALDADE”* e conforme ás seguintes BASES:

1. Participantes

Poderá participar o alumnado matriculado nos centros educativos do Concello, establecéndose as seguintes categorías:

- CATEGORÍA A: alumnado de primeiro e segundo de Primaria.
- CATEGORÍA B: alumnado de terceiro e cuarto de Primaria.
- CATEGORÍA C: alumnado de quinto e sexto de Primaria.

2. Temática e características dos traballos

O traballo consistirá nun debuxo en soporte cartolina ou folio de tamaño mínimo DIN A4, e máximo DIN A3 podendo utilizarse todo tipo de técnica e sen limitación de número de cores.

A temática será a IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES en calquera dos ámbitos da vida (familiar, social, laboral, educativa, deportiva...).

As obras serán inéditas e cada participante só poderá presentar un único traballo. A obra pode incluír un slogan ou lema.

3. Identificación dos traballos

No reverso da obra deberán figurar os seguintes datos:

- Concurso “Debuxa Igualdade 2025”
- Nome e apelidos completos do/a participante
- Categoría na que participa
- Centro educativo e curso

4. Lugar e prazo de presentación dos traballos

Os traballos serán entregados á persoa que o centro escolar designe. A data máxima para presentar os traballos será o luns 17 de marzo de 2025 incluído, data a partir da cal serán recollidos nos centros escolares por persoal do Concello.

5. Premios

Haberá un premio por cada categoría, reservándose o xurado, o dereito de declarar deserto algún dos premios no caso de que os traballos presentados non alcancen o nivel suficiente. Os premios consistirán en:

CATEGORÍA A. Premio: Vale de 80€ para librerías de Ribadavia.

CATEGORÍA B. Premio: Vale de 80€ para librerías de Ribadavia.

CATEGORÍA C. Premio: Vale de 80€ para librerías de Ribadavia.

6. Xurado.

O xurado estará composto por persoal do Concello (podendo ser tanto persoal político como persoal técnico) e por profesores/as do centros escolares.

O xurado reunirase para deliberar no lugar, data e hora en que libremente decidan. O fallo do concurso farase público o día 19 de de marzo de 2025 a través dos medios habituais (páxina web, redes sociais...) e comunicarase ós/ás gañadores ou gañadoras a través dos centros escolares aos que pertenzan.

A decisión do xurado é inapelable.

A entrega de premios será no día, hora e lugar que se concrete cos centros escolares e premiados/as, en función da súa dispoñibilidade.

7. Propiedade das obras

As obras presentadas, pola mera participación no concurso, pasarán a ser propiedade do Concello de Ribadavia, podendo a partir do momento do fallo, proceder á súa exposición, publicación ou utilización en materiais e eventos do Concello.

No caso de que algún dos participantes desexe recuperar a obra presentada, deberá facelo no prazo máximo de un mes, dirixindo un escrito ó Concello de Ribadavia.

8. Aceptación das bases

A participación neste concurso supón a plena aceptación destas bases e do fallo do xurado. Calquera traballo que non cumpra cos requisitos establecidos será inmediatamente desqualificado.